

XXXII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE LANGAS

CÓMICO E FESTIVO



DO 3 AO 11 DE XULLO 2015

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto

Coordinación: Salvador del Río

Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro

Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó

Xestión Económica: María Xosé Mariño “Che”

Técnicos Municipais:

Teatro de Rúa: Estanislao Graña

Auditorio Municipal: Juan José Pérez

Departamento Comercial: Fáttem Tourari e Sonia Rúa

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Anxo Graña

Héctor Pazos

Diego R. Camaño

Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excma. Deputación de Pontevedra

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño Cartel e Portada: J. de la Rosa, Milicia Gráfica

Deseño Programa e Páxina Web: Diego Seixo, Human Soft

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2015.



MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

O TEATRO volve invadir Cangas. Os espazos cotiás mudarán en excéntricos escenarios e os artistas, coas súas propostas, estimularán a nosa imaxinación. Músicos, pallasas, malabaristas, acróbatas e bailaríns acamparán en rúas e parroquias para sorprender os nosos días e, rompendo incluso as leis de toda lóxica, tocarán o piano e danzarán sobre o noso mar.

De noite compartirán escenario autores clásicos e contemporáneos, actrices, actores e clowns, a danza e o musical, o teatro de sombras e o xestual ... Todo será posible nesta festa teatral.

Así que apagade o móbil porque, con humor, arte e oficio, a XXXII MITCF de Cangas vai comezar.

TAQUILLA

1. VENDA DE ABONOS

<https://entradas.ataquilla.com>

Tfno.: 902 504 500.

do 6 ao 20 de Xuño de 2014.

Prezo do abono: 40€.

Vantaxes do abono:

1. Desconto de 14€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garantiza a entrada sen colas en taquilla para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, o beneficiario do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

2. VENDA ANTICIPADA PARA OS ESPECTÁCULOS

Venda de entradas anticipadas con desconto de 2€ sobre o prezo de venda en taquilla. Do 21 ao 30 de xuño: **6€.**

Venda de entradas anticipadas sen desconto. A partires do 30 de xuño ata o día anterior a representación de cada espectáculo: **8€.**

Agás o espectáculo programado o mércores, 8 de xullo: Adultos: **6€**, nenas e nenos: **3€.**

3. VENDA DE ENTRADAS O DÍA DA REPRESENTACIÓN

Despacho de billetes do Auditorio, dúas horas antes do comezo da función: **8€.**

Agás o espectáculo programado o mércores, 8 de xuño: Adultos: **6€**, nenas e nenos: **3€.**

4. ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS NO AUDITORIO INCLUIDOS NO ABONO E PARA OS QUE SE PODEN ADQUIRIR ENTRADAS INDIVIDUALMENTE

03 de xullo: BANCARROTA

04 de xullo: EL EXTRAÑO CASO DE LA MARQUESA DE VADILLO

05 de xullo: PERPLEXO

07 de xullo: LA FLAUTA MÁGICA

08 de xullo: JIM e a ILLA do TESOURO

10 de xullo: MALASOMBRA

11 de xullo: A WON WOMAN SHOW

5. ESPAZOS ALTERNATIVOS

SALASÓN: 5€

AUDITORIO MUNICIPAL

Venres, 03 de Xullo 22:30h. Auditorio Municipal

PREGÓN INAUGURAL

Isabel Risco, Galicia

Venres, 3 de Xullo, 22:30h.

BANCARROTA

Acrónica Producciones, Navarra

Sábado, 4 de Xullo, 22:30h.

EL EXTRAÑO CASO DE LA MARQUESA DE VADILLO

Teatro El Zurdo, Madrid

Domingo, 5 de Xullo, 22:30h.

PERPLEXO

iLMaquinario Teatro, Galicia

Martes, 7 de Xullo, 22:30h.

LA FLAUTA MÁGICA. VARIACIONES DEI FURBI

Dei Furbi, Cataluña

Mércores, 8 de Xullo, 20:00h.

JIM E A ILLA DO TESOURO

eme2 producións, Galicia

Venres, 10 de Xullo, 22:30h.

MALASOMBRA

auMents, Mallorca e Chile

Sábado, 11 de Xullo, 22:30h.

A WON WOMAN SHOW

Laura Herts, Estados Unidos / Francia

PREGÓN INAUGURAL - Isabel Risco, Galicia.

Auditorio Municipal, Venres, 03 Xullo 22:30h.



Isabel Risco é actriz, clown e pedagoga teatral.

Formada con Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, entre outras e outros.

Dende o ano 2000 participa en creacións de compañías profesionais como Espello Cóncavo, Os sete magníficos máis un, Manicómicos e Producións Desaqueloutradas, participando nalgúns dos festivais de teatro e clown máis importantes da península.

Traballa, tamén, con Maquinaria Pesada nun espectáculo de produción propia: As Vingadoras e, recentemente, ven de estrear O Furancho con Ibuprofeno Teatro.

BANCARROTA - Acrónica Producciones, Navarra.

Auditorio Municipal, Venres, 03 Xullo 22:30h. Estrea en Galicia.



Dirección: Fabio Mangolini

Dramaturxia: Álvaro Lizarrondo

Intérpretes: Ion Iraizoz, Naiara Carmona, Txema Martín, Txus

Pellicer, Andrea Soto, Daniel Llull

Axudante de dirección: Hugo Nieto

Vestuario: Berta Osés (Beruta)

Escenografía: Acrónica Producciones

Deseño de Iluminación: Xabier Lozano

Audiovisual: Acrónica Producciones

Deseño gráfico: Martin Etxauri

Deseño musical: David Guindano

Comunicación: ALOA Comunicación

Producción: David Bernués

Distribución: Julio Perugorria

Bancarrota é un texto escrito hai máis de 200 anos que sorprende pola súa actualidade. Aquí non hai loita entre clases. Non hai ricos e pobres, non se presenta un conflito entre os que teñen máis e os que non. Nin sequera entre os que teñen e os que queren máis. O que se presenta é o choque entre esa entelequía chamada diñeiro e a humanidade. É o diñeiro loitando contra todos, destruíndo o soño e os nervios tanto de quen o ten como de quen o desexa, o diñeiro que domina e escraviza as relacións humanas e sociais.

Premio Gayerre 2015.

EL EXTRAÑO CASO DE LA MARQUESA DE VADILLO · Teatro El Zurdo, Madrid. Auditorio Municipal, Sábado, 04 Xullo 22:30h. Estrea en Galicia.



Elenco: Nuria Benet, Miguel Barderas, Beatrice Binotti, Roberto Drago, Fernando Otero, Eugenio Gómez, Rebeca Medina.
Músico : Grozdan Aleksandrov “Tozo “
Autor: Luis Crespo e Felix Estaire coa colaboración de N. Benet e J.R. Fernández.
Axudante de escenografía : Alessio Meloni
Deseño Gráfico: Cufa
Produción : Francisco Revaliente
Vestuario e escenografía : Mónica Boromello e Alessio Meloni
Iluminación: Victor Cadenas
Movemento : Markos Marín
Dirección Musical : Fernando Lago
Dirección : Luis Crespo

O Mordomo recibe aos espectadores, invitados á recepción da Marquesa de Vadillo quen, como boa anfitriona, ameniza a noite cun pequeno recital mentres espera a chegada do seu Amante. A velada transcorre sen novidade ata que un crime rompe a atmósfera. Chega a Policía e comeza unha peculiar investigación que contará coa axuda do público. Pero ¿as nosas experiencias son como ocorreron ou como as recordamos? Ou quizá simplemente os records crean a súa propia Historia.

PERPLEXO · iLMaquinario Teatro, Galicia. Auditorio Municipal, Domingo, 05 Xullo 22:30h.



Autoría: Marius von Mayenburg
Dirección: Tito Asorey
Adaptación: Tito Asorey
Tradución: Catuxa Pato
Escenografía: Luis Iglesias “Luchi”
Iluminación: Tito Asorey, Germán Gundín
Son: Tito Asorey, Laura Míguez
Vestuario: Yaiza Pinillos
Elenco: Fernando González, Laura Míguez, Fran Lareu, Melania Cruz

Cres que sabes perfectamente quen es. Cres que sabes perfectamente quen son as persoas que están ao teu carón. A túa parella. O teu mellor amigo. A túa nai. Cres que sabes perfectamente o que está sucedendo ao teu redor. Cres que ti manexas a situación. Cres que es TI quen conformas a túa propia realidade. Que sabes perfectamente como é a túa vida. Que o teu fogar é teu e que tes un nome, unha tarxeta de crédito e unha póliza de seguros. Cres que tes CERTEZAS. Pero as CERTEZAS neste mundo son case unha UTOPIÁ.

Premios María Casares 2015 ao mellor vestuario, mellor iluminación, mellor adaptación e tradución, mellor dirección e mellor espectáculo.

LA FLAUTA MÁGICA. VARIACIONES DEI FURBI · Dei Furbi, Cataluña.

Auditorio Municipal, Martes, 07 Xullo 22:30h. Estrea en Galicia.



Dramaturxia e dirección: Gemma Beltran

Dirección musical: David Costa

Actores: Robert González, Llorenç González, Albert Mora, Anna Herebia, Queralt Albinyana e David Marcé

Este proxecto fuxe voluntariamente dos excesos “rococó” e non pretende poñer en pe unha “ópera” de repertorio. Dei Furbi, con este novo reto, quere propoñer unha reinterpretaón teatral e libre. Trátase dunha adaptación libre da ópera de Mozart A Flauta Máxica.


É unha versión de teatro e música a cappella. É dicir, so voces. A parte instrumental pasa tamén a través das voces e cantos dos intérpretes en polifonías adaptadas e orixinais para esta proposta.

Unha combinación de teatro e música na que o espazo escénico resolve a partir da síntese da ópera de Mozart.

Premio MAX 2014 ao mellor espectáculo musical.

JIM E A ILLA DO TESOURO · eme2 producións, Galicia.

Auditorio Municipal, Mércores, 08 Xullo 20:00h. Estrea.



Idea orixinal: Jokin Oregi, Javi Tirado, Álex Díaz

Texto: Jokin Oregi · Tradución: Sandra Romaris e Xocas López

Dirección: Álex Díaz e Javi Tirado

Actores/manipuladores: Rocío González e Toni Salgado

Técnico: Anxo Graña · Música: Santiago Ramos

Flauta: Óscar López · Escenografía e monicreques: Javi Tirado

Vestuario: Mari Seoane · Iluminación: Gaizka Rementeria

Fotografía: Janite · Deseño gráfico e web: LeGrráfica

Deseño de produción: Xocas López · Produción: Mercedes Castro

Distribución: Julio Perugorria

Jim e a Illa do Tesouro estreouse no ano 2004 e supuxo un fito na historia do teatro infantil no estado español. De mans da compañía basca Gorakada, introduciuse unha nova linguaxe estética moi

coidada en que actores e monicreques aparecían en escena nunha simbiose perfecta.

Imaxativos e coidados elementos escénicos e interpretativos fan moi suxestiva esta montaxe.

Interpretación áxil e chea de emoción da peza clásica de R. L. Stevenson. Unha trepidante historia de piratas e busca do tesouro. A máis clásica das historias de piratas actualizada e cunha estética moi orixinal e moi coidada.

MALASOMBRA - auMents, Mallorca e Chile.

Auditorio Municipal, Venres, 10 Xullo 22:30h. Estrea en Galicia.



Dirección e coreografía: Andrea Cruz e Tomeu Gomila

Dramaturxia: Max.

Interpretación: Magda Tomás, Caty Carrasco, Tomeu Gomila.

Creación musical: Rodrigo Latorre, Kiko Barrenengoa, José Miguel Puigserver Puter, Gato · Espazo escénico: Tomeu Gomila

Escenografía e obxectos: Max, Andrea Cruz, Tomeu Gomila.

Videocreación: Roberto Rodríguez con ilustracións orixinais de Max

Vestuario: Andrea Cruz · Deseño de iluminación: Manu Martínez

Malasombra é un espectáculo de danza e teatro visual onde a maxia escénica invítanos a viaxar polo imaxinario colectivo, mergullar na escuridade e na luz do ser humano. Partimos do guión do debuxante Max para desenvolver unha proposta atractiva na que as artes plásticas se fusionan coas artes escénicas e os actores-bailarins existen nun

escenario que é un cómic en movemento. A posta en escena combina elementos de danza, teatro visual, videocreación, teatro de obxectos, sombras experimentais e música rock.

Premio Proxectos Escénicos Concello de Palma 2010; Premios Escénica 2011: mellor espectáculo de danza, mellor escenografía, mellor iluminación e mellor intérprete de danza; Premio Mellor Espectáculo Festival Internacional de Teatro de Baghdad, Irak, 2013.

A WON WOMAN SHOW - Laura Herts, Estados Unidos / Francia.

Auditorio Municipal, Sábado, 11 Xullo 22:30h. Estrea en Galicia.



Intérprete: Laura Herts

Escenografía : Raffaella Benini

Vestuario : Alain Marchais

Rexedor e Iluminador : René Fitoussi

Producción : Fred Bordes

En A WON WOMAN SHOW Laura Herts é Gladys e con ela ofrece a súa particular versión dunha muller que, na plenitude da vida, intenta ser sempre a que din que tería que ser.

Unha muller atoleirada ata o paradoxo e que, sen que o pareza, seduce coa súa ferocidade, a súa tenrura e un humor fora do común, todo nun espectáculo visual e físico.

O seu personaxe, enfundado nun feminino traxe de chaqueta que a enfaixa e non a deixa moverse, é unha muller fea e ridícula, que máis ben parece un home, e que non consegue entrar no molde redutor que a sociedade asigna ás mulleres.

Dende o 2013 Laura Herts forma parte da selecta lista de Who's who.

TEATRO NA RÚA

Xoves, 02 de Xullo 12:00h. Bueu

Venres, 03 de Xullo 12:00h. e 21.30h. Cangas

Sábado, 04 de Xullo 12:00h. Moaña

FITNESS

Ibuprofeno Teatro, Galicia

Xoves, 09 Xullo 21:00h. Naves de Ojea

LA OLA FLOTANTE

La Xata la Rifa,

Coprodución Alpina-Astur-Canta-Euskal-Galaica

Venres, 10 Xullo 20:30h. Xardíns do Sinal

BAMBALAS

Bambolea en coprodución con Alas Circo, Andalucía

Sábado, 11 Xullo 2015 12:00h. Xardíns do Sinal

IMPREUNA

Pistacatro, Galicia

FITNESS · Ibutrofeno Teatro, Galicia.

Bueu, 2 de Xullo 12:00h. · Cangas, 3 de Xullo 12.00h. e 21.30h. · Moaña, 4 de Xullo 12:00h.



Pallasa: Marián Bañobre
Dirección: Santiago Cortegoso
Vestuario: Marián Bañobre
Creación e produción: Santiago Cortegoso e Marián Bañobre

Fitness é un espectáculo itinerante de rúa no que a pallasa Marián Bañobre percorre a cidade facendo deporte en todas as súas variedades.

Vai totalmente equipada con roupa aerodinámica, na que destacan as cores rosas fluorescentes, e cunha serie de complementos para facer os seus exercicios: unha bicicleta, esteira, pesas, barras enerxéticas, un asubío...

No seu percorrido polas rúas e prazas, vai interaccionando co público sen ningún pudor e fai rir pola súa inocencia e polo empeño en facer ben o seu traballo: poñerse en forma.

LA OLA FLOTANTE · La Xata la Rifa, coprodución Alpina-Astur-Canta-Euskal-Galaica.

Naves de Ojea, Xoves, 09 Xullo 21:00h. Estrea.



Dirección artística e navegación: Mónica Cofiño
Idea e construción de piano flotante: Voel Martin e Aurelie Richer
Construción escenario flotante e biciacuática: Patrick San Miguel
Axudantes de construción: Gabriel Alonso, Nacho Santullano, Miguel Angel Granados · Asistencia escénica: Alicia Pilarte
Voces, arpa, percusión e danza: Sofía Fernández
Banjo e acústica: Fernando Oyágüez Reyes
Contrabaixo, violín, guitarra con swing folklórico: Les Barbares Barbus · Violonchelos: Xosé Rocha e Macarena Montesinos
Piano: Brais González · Theremin: Paulo Pascual
Sonidista: Pedro Acevedo e Jean Michel Pillone
Vestuario: Mónica Solar, Regina DeJimenez e La Recauchutá
Vídeo: Tilo Martin · Foto: Agustín Pilarte e Irma Collin
Deseño gráfico: Manu Lago e Pablo Vijil

Distribución e difusión: Julen Abasolo, Cristina Balboa, Inés Bermejo, Manu Lago e Mar Pérez
Figuración e artistas invitados locais: Pescadores, barquiños, gaiteir@s, veleiros, pandereteir@s, piraguistas, txalaparteir@s...

La OLa Flotante é "Unha peza adaptable" de música, teatro e danza que vai viaxar por paisaxes acuáticas de portos e pobos do Cantábrico este verán 2015. Peza de pezas que traballarán independente en cada lugar ou actuación. Improvisación de sistemas artísticos, un xeito de albergar e difundir novas linguaxes nun escenario cuxa metáfora é que muda continuamente co medio. Un repertorio de personaxes e ambientes sonoros para propiciar colaboracións e potenciar os escenarios naturais mentres illas flotantes se atopan por instantes en momentos azarosos.

BAMBALAS - Bambolea en coprodución con Alas Circo, Andalucía.

Xardíns do Sinal, Venres, 10 Xullo 20:30h. Estrea en Galicia.



Elenco:
Prisca Salvadores
Marina Benites
María Jesús Buffa

A compañía Bambolea, en coprodución con Alas Circo, preséntanos as Irmás Bambalas, cada unha máis presumida ca outra.


Dúas grandes compañías do mundo do circo e especializadas en acrobacias aéreas que unen as súas forzas e experiencia para crear un gran espectáculo co mellor de cada proposta e elenco.

O espectáculo principia no momento en que as tres se despreguizan nunha hamaca a catro metros de altura. O día sorprendeunas durmindo e ao espertar, descubren a presenza do público. Diante dos espectadores afanaranse en demostrar as súas habilidades. Mais nesa obsesión por gustarlle á audiencia acabarán por errar unha e outra vez.

Un espectáculo de gran volume e tan cheo de grandiosos movementos que un non quere que remate nunca.

IMPREUNA - Pistacatro, Galicia.

Xardíns do Sinal, Sábado, 11 Xullo 12:00h.



Elenco: Pablo Reboleiro Rama, Aitor Garuz Milla, Antonio Delgado, Raquel Oitavén, Ariñe Azkue, Oscar Páez, Alfredo Pérez
Covers: Manuel Lago e Xenia Tartari
Dirección: Pablo Reboleiro
Axudante de dirección e coreografías: Xenia Tartari
Iluminación: Octavio Mas
Deseño e Video: Natasha Lelenco
Producción: Pistacatro produtora de soños S.L.

Ambientado na época actual, *împreună*, é un espectáculo mergullado integramente nos códigos artísticos do circo (malabares, aéreos, acrobacias e clown), todo isto, sen renunciar á fusión sen con outras artes vivas como a danza, o teatro físico e a comedia.

O espectáculo descobre ao público a vida interior do circo a través das vivencias dunha troupe de sete artistas. As aventuras cotiás destes sete personaxes teñen como intención levar ao público a participar dunha viaxe polo mundo das relacións en grupo, unha visita polos valores do circo: amizade, comunidade e cooperación.

TEATRO NA SALASÓN

Venres, 03 Xullo 00:30h.

NABIZA GIRL

Isabel Risco, Galicia

Domingo, 05 Xullo 00:30h.

NO PENSAR

Carlos Meixide, Galicia

Martes, 07 Xullo 20:30h.

EL LAZARILLO DE TORMES

Teatro del Norte, Asturias

Martes, 07 Xullo 00:30h.

RETABLO

Teatro del Norte, Asturias

Xoves, 09 Xullo 23:00h.

SUSHI GRATIS

Funboa Escénica, Galicia

Sábado, 11 Xullo 2015 00:30h.

ILLAS ATLÁNTICAS

A artística, Galicia

NABIZA GIRL - Isabel Risco, Galicia.

Salasón, Venres, 03 Xullo 00:30h.



Autoría: Isabel risco
Dirección: Isabel Risco
Elenco: Isabel Risco

Se credes que precisades dos meus servizos non tedes máis que aturuxar que, desde O Pindo, escoito que flipas porque ten unha acústica bárbara. Sabedes que son, non?

Ben normal, nin puta idea, normal, ademáis indo de incógnito menos, claro!

Vouvos dar un par de pistas, como mínimo, agora que xa vedes a estrela encarnada xa o teredes máis claro non? Non, non son concelleira do Bloque.

Igual é que como traballo en negro e hai que ser discreta pois non me recoñecedes.

Eu son Chelo Garcia Naveira, máis coñecida como Naviza Girl, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida.

NO PENSAR - Carlos Meixide, Galicia.

Salasón, Domingo, 05 Xullo 00:30h.



Autoría: Carlos Meixide
Dirección: Carlos Meixide
O Presidente: Carlos Meixide
Imaxe gráfica: Natasha Lelenco

Cando se quita o uniforme de Arturito Puty, dos da Ría, Carlos Meixide ten outra notable vida como humorista en solitario, ben sexa nun formato cómico, como o espectáculo "Humor Infame", ou teatral, como este monólogo, "No Pensar", unha aceda parodia sobre as estrañas conexións entre o poder e a mediocridade...

Un presidente do Goberno, horas antes de dar un discurso crucial ante a prensa, no canto de centrarse no propio discurso decide repasar distintos episodios da súa biografía que nos permitirán entender, ata certo punto, como alguén coma el puido chegar a presidente dun país de 45 millóns de habitantes.

Porque todo ten unha explicación... "No Pensar"

EL LAZARILLO DE TORMES - Teatro del Norte, Asturias.

Salasón, Martes, 07 Xullo 20:30h. Estrea.



TEATRO DEL NORTE

Montenegro, Rumanía, Moldavia, Exipto, Brasil, USA, México, O Salvador, Uruguay, Arxentina e Perú.

Autor: Anónimo

Dramaturxia e dirección. Etelvino Vázquez

Interprete: David González

Iluminación: Rubén Álvarez

Vestiario: Manuela Caso

Espazo Escénico: Carlos Lorenzo

Cartaz e fotos: Rocío Miravalles

El Lazarillo de Tormes conta as aventuras de Lázaro de Tormes, coas súas fortunas e adversidades, mostrándonos como era a España do século XVI que, por desgraza, era moi similar á nosa.

Teatro del Norte é una compañía de 30 anos de existencia que representou en España, Portugal, Holanda Francia, Italia,

RETABLO - Teatro del Norte, Asturias.

Salasón, Martes, 07 Xullo 00:30h. Estrea en Galicia.



TEATRO DEL NORTE

Autor: Valle e Lorca

Dramaturxia e dirección. Etelvino Vázquez

Intérprete: Etelvino Vázquez

Iluminación: Rubén Álvarez

Vestiario: Manuela Caso

Espazo Escénico: Carlos Lorenzo

Cartaz: Gerardo Llana

"Retablo" é un espectáculo que mostra a influencia de Valle-Inclán sobre García Lorca, considerando a Valle como un dos primeiros mestres que tivo Lorca.

Os fragmentos que se representan, tanto de Valle como de Lorca, son fragmentos de humor, o que permite que a función, ademais do seu carácter pedagóxico, sexa accesible a todo tipo de público.

SUSHI GRATIS · Funboa Escénica, Galicia.

Salasón, Xoves, 09 Xullo 23:00h. Estrea.



Creación, Dirección, Interpretación e Textos: Cristina Balboa e Lúa Gándara

Deseño de Iluminación e Asistencia Técnica: Javier Quintana

Deseño de son e Deseño gráfico: Lúa Gándara

Vídeo promocional e imaxes: Cristina Balboa e Vio Montero

Ollo externo: Begoña Cuquejo


Asistencia na Producción: Manu Lago

Unha historia crúa, coma o sushi: Tazas de té, vinte personaxes que marcaron unha vida, unha xeración da apatía, un segredo xugoso, alimetación macrobiótica, traumas familiares, traumas sociais, traumas espaciais, unha terapeuta que canta, unha maestra de cerimonias, un par de amores non correspondidos e unha Katana.

FUNBOA ESCÉNICA é unha nova compañía galega das artes escénicas contemporáneas nada no 2011 da man de Cristina Balboa e Paulina Funes coa creación da peza Oiseau Rebelle, estreada na mostra de Cangas. A compañía xorde co desexo de re-inventar a nosa propia idea da escena. A nosa proposta é sincera, directa e orixinal, onde a nosa vida e o humor son os eixos do discurso escénico. FUNBOA ESCÉNICA sae á superficie con identidade e forza guerrilleira e quere reivindicar a creación contemporánea en Galiza.

ILLAS ATLÁNTICAS · A artística, Galicia.

Salasón, Sábado, 11 Xullo 00:30h.



Dirección: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle

Intérpretes: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle

Vestiario: La Canalla

Diseño de son: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle

Creación: colectiva

Colaboracións: Xoana Baz, Nuria Inglada, Gena Baamonde, Fernando Carballa, Salvador del Río, Cristobal Arteaga, Pablo Kaufmann e o público asistente aos Sabadetes.

Viaxe íntima coma pesquisa sobre a situación propia nun hoxe calquera, á busca do espazo onde reside a máis vella sensualidade.

Esta viaxe aséntase sobre catro solos, dous monologados e dous danzados. Dúas Illas Atlánticas, Illa Norte e Illa Sur, dúas visións, dúas linguaxes, dous discursos que se aillan e entretecen facendo múltiples combinacións máis alá da propia vontade dos executantes, aillamos e superpoñemos; somos illas, somos parque, son monólogos?, son solos danzados?, son...?, dúas vidas.

XV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

O proxecto MULLERES EN ACCIÓN nace no ano 2000 por iniciativa das profesionais que forman parte da organización e a dirección da MITCF de Cangas.

Conscientes da invisibilidade e marxinación á que están sometidas as mulleres social e culturalmente e convencidas de que o teatro e a cultura son instrumentos decisivos para acadar a igualdade, decidimos utilizar o extraordinario poder de comunicación das artes escénicas para poñelo ao servizo dos seguintes obxectivos:

Promover unha programación paritaria que nos permita integrar espectáculos de óptima calidade artística e profesional, escritos, dirixidos, interpretados maioritariamente por mulleres ou creados con perspectiva de xénero.

Premiar a traxectoria particular de mulleres e o labor de colectivos, institucións, empresas ou entidades privadas a favor da igualdade e da visibilidade do traballo das mulleres en calquera vertente da educación e a cultura.

Realizar actividades que sirvan para debater, reflexionar e camiñar cara a unha cultura igualitaria e con perspectiva de xénero .

En definitiva, MULLERES EN ACCIÓN visibiliza e premia o labor dese invisible cincocentos por cento da poboación que somos as mulleres.

Sábado, 11 Xullo 17:00h. Auditorio Municipal

U-LAS ACTRICES?

Xornada de debate

Sábado, 11 Xullo 22:30h. Auditorio Municipal

ENTREGA IV PREMIO MULLERES EN ACCIÓN



U-LAS ACTRICES?

Auditorio Municipal, Sábado, 11 Xullo de 17:00h. a 20:30h.

¿Porqué a vida laboral dunha actriz é máis curta que a dun actor? ¿Porqué os personaxes femininos sempre reproducen os roles estereotipados de nai, esposa, prostituta e sen entidade propia? ¿Que podemos facer para que o teatro, o cine e a televisión presenten mulleres con vida propia e en consonancia co tempo actual?

17:00h. CON VOZ E SEN LETRA: HISTORIAS E VOCES DE ACTRICES GALEGAS

Aurora Marco, Catedrática da USC, investigadora e escritora.

17:30h. ENCONTRO PARA O DIÁLOGO: BRECHA LABORAL DAS ACTRICES DAS ARTES ESCÉNICAS E DO AUDIOVISUAL

Berta Ojea, actriz e Secretaria de Igualdade do sindicato Unión de Actores y Actrices.

Tamara Canosa, actriz e vicepresidenta 1ª da Academia Galega do Audiovisual.

Antonio Durán Morris, actor e Vogal da Academia Galega do Audiovisual.

Victoria Pérez, actriz e representante da Asociación de Actores e Actrices de Galicia

Belén Pichel, produtora e representante de Escena Galega.

Mela Casal, actriz.

Mónica Camaño, actriz.

Belén Constenla, actriz.

Casilda Alfaro, actriz.

Presenta e Modera: María Armesto

ENTREGA IV PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A AURORA MARCO.

Auditorio Municipal, Sábado, 11 Xullo 22:30h.



IV Premio Mulleres en Acción a Dona AURORA MARCO, Doutora en Filosofía e Letras pola USC. Catedrática de Lingua e Literatura Galega na USC, Investigadora e Escritora.

Concedemos o IV Premio Mulleres en Acción a Dona Aurora Marco, en recoñecemento ao seu extraordinario labor de investigación e recuperación da memoria histórica das mulleres, situándoas alí onde sempre deberon estar, dentro da Historia. Consideramos que Aurora Marco é un referente indiscutible e necesario para as mulleres deste país.

Entre os seus traballos podemos destacar “As silenciadas”, documental con guión e coprodución de Aurora, polo que obtivo numerosos premios. Tamén “Diccionario de mulleres galegas”, traballo que rescata para a historia a centos de mulleres que realizaron importantes contribucións á sociedade en diferentes ámbitos. “As precursoras, mulleres e educación na galiza” ou a edición das “Memorias de Teresa Alvajar”, son só unha pequena mostra do extraordinario labor realizado por Aurora Marco e que recupera ás mulleres para a historia.

Entre outros, é Premio Tomás Barros de Investigación Teatral 1991, Premio Ánxel Fole de Investigación Literaria 1992 e Premio Luís Tilve á Investigación e Divulgación Histórica 2012.

ACTIVIDADES PARALELAS

Sábado, 04 de Xullo 11:30h. Alameda Vella de Cangas

OBRADOIRO: UN DÍA NO CIRCO

Pistacatro, Galicia

Sábado, 04 Xullo 16:00h. Auditorio Municipal

ENCONTRO DE DRAMATURXIA

Xornada de debate

Luns, 06 2015 18:45h. Prazas de Cangas

REVOLTALLO EN PEDRA

Escolas e Asociacións de Cangas

Luns, 6 de Xullo, 22:30h.

REVOLTALLO EN SALA: BORDADORA DE SOÑOS

EMAEC Escola Municipal Artes Escénicas de Cangas, Galicia

Martes, 07 Xullo 10:30h. Auditorio Municipal

CARTOGRAFÍA DAS ARTES ESCÉNICAS NO MORRAZO

Mesas de traballo

Martes, 07 Xullo 16:00h. Auditorio Municipal

O TEATRO GALEGO NO SÉCULO XXI: DIAGNOSE

Xornada de debate

Mércores, 08 Xullo 11:00h. Auditorio Municipal

OBRADOIRO: O PALLASO MÉDICO

Laura Herts, Estados Unidos / Francia

Sábado, 11 Xullo 22:30h. Auditorio Municipal

ENTREGA XXIX PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

OBRADOIRO: UN DÍA NO CIRCO · Pistacatro, Galicia. (inscripción requirida) Alameda Vella de Cangas, Sábado, 04 Xullo 11:30h. a 14:00h.



Un día no circo está deseñado para o achegamento lúdico das técnicas circenses a nenas e nenos de 6 a 11 anos.

Nesta experiencia poderán practicar equilíbrios, malabares e acrobacias dun xeito dinámico e divertido.

Este obradoiro, ademais de permitir que os alumnos aprendan as diferentes técnicas do circo vailles servir, tamén, grazas á expresión corporal, para mellorar a súa autoestima, o traballo da cooperación, a sensibilidade, o desenvolvemento da creatividade e da constancia nas diferentes tarefas, a autosuperación...

En definitiva, preténdese que o mundo do circo sirva para favorecer o crecemento do alumno como persoa.

Aitor Garuz e Raquel Oitavén son profesionais licenciados en Técnicas de Circo pola Escola Superior The Circus Space de Londres (Universidade de Kent), así como en diferentes escolas de teatro, danza e pantomima tanto estatais como internacionais. Contan cunha ampla experiencia pedagóxica no mundo das artes circenses e cun recoñecido prestixio profesional tanto a nivel galego como estatal.

ENCONTRO DE DRAMATURXIA · Xornada de debate.

Auditorio Municipal, Sábado, 04 Xullo 16:00h.



Á forza de facer, e grazas a iniciativas particulares que foron apostando pola súa difusión, a dramaturxia galega foi sobrevivindo nas últimas décadas, facéndose visible en convocatorias e certames puntuais en Galicia ou no Estado.

Por outra parte, a existencia da especialidade de dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática propiciará, sen dúbida, a aparición de especialistas nesta materia que se sumarán ao traballo desenvolvido polas xeracións precedentes.

Retomando iniciativas que intentaron fomentar a unión e a comunicación entre dramaturgas/os en lingua galega, o encontro que acolle a MITCF de Cangas quere ser un espazo para a reflexión sobre as necesidades presentes e organizar as accións precisas para fortalecer este oficio teatral.

REVOLTALLO EN PEDRA · Escolas e Asociacións de Cangas.

Prazas de Cangas, Luns, 06 Xullo 18:45h.



EIRADO DO SEÑAL

18:45 Teatro Que Ri (IES As Barxas): "Arelantes" (fragmentos)

PALCO NAVES DE OJEA

19:15 Escola de Baile Chachachá: "Bailando para vos"

19:45 Escola de Danza Inés Núñez: "Benvidos ao mundo do circo"

20:15 Boombox Escuela Urbana: "Boombox is in da house"

EIRADO DO COSTAL

20:45 Asociación Juan XXIII: "Bela e Besta"

ADRO DA IGREXA

21:15 Escola de danza Maite Quiñones: "Danza na rúa"

21:45 Marga Outeiral e alumnas: "Exhibición de Danza Oriental"

REVOLTALLO EN SALA: BORDADORA DE SOÑOS · EMAEC, Galicia.

Auditorio Municipal, Luns, 06 Xullo 22:30h. Estrea.



Intérpretes: Anabel Budiño, Rosa E. Gantes, Vanesa Gonzalez Graña, María ferro, Noelia Barreiro Freire, Ana Perez, Mar Taboada, Iria De Pazos Bugarín, Bárbara Barcia, María Xosé Iago Cordeiro, Paula Kosta, Carmen Ramilo Fontán, Lolo Portela, Merche Vidal, Ángeles Menduiña e Dani Comesaña.

Músico: Xosé Ramón Rocha

Espazo Sonoro: Xosé Ramón Rocha

Iluminación: Salvador del Río

Escenografía e atrezzo: EMAEC

Vestuario: Olalla e Sara, "La Böcöque"

Dirección: Silda Alfaro

Texto construído a partir de mulleres, de mulleres lorquianas, de María Soliña, de mulleres que aman, mulleres nais, fillas, mártires, mulleres marcadas polo estigma dunha paixón aniquiladora, de amor frustrado e de morte.

De mulleres que loitan pola liberdade, que coñecen a liberdade, mesmo que sexa a través dun amor frustrado.

CARTOGRAFÍA DAS ARTES ESCÉNICAS NO MORRAZO - Mesas de traballo.

Auditorio Municipal, Martes, 07 Xullo 10:30h. a 14:00h.

Primeira mesa:

Pepa Barreiro, Machi Salgado, Xosel Diez, Lois Soaxe, Che Mariño, Antón Lamapereira, Mónica Molanes.

Segunda mesa:

Sonia Rúa, Pedro Pablo Riobó, Lolo Portela, Asunción Soñora, Xoán Riobó, Guiomar López, Fran Paredes.

12:30-14:00h. Debate.

O TEATRO GALEGO NO SÉCULO XXI: DIAGNOSE - Xornada de debate.

Auditorio Municipal, Martes, 07 Xullo 16:00h. a 19:30h.

16:00h. a 16:45h.

O teatro que queremos facer é o teatro que podemos facer? Por Xulio Lago, director, empresario teatral e membro da directiva de Escena Galega.

Imos cara a un teatro do posible? Por Cristina Dominguez, directora e Profesora da ESAD.

Cal é a situación laboral da profesión teatral en Galicia? O convenio. Por Vicente Mohedano, actor e membro da directiva da AAAG.

O CDG: buque insignia do teatro galego? Por Manuel Guede Oliva, director do CDG

16:45h. a 17:30h.: Debate **Moderador:** Manuel Xestoso, crítico teatral.

17:40h. a 18:30h.

Outras linguaxes. Outros públicos. Relevo xeracional? Por Vanesa Sotelo, autora, actriz e directora.

É o teatro, máis que nunca, un refuxio para preservar a nosa identidade? Por Xesús Ron, director, actor e empresario.

O esforzo das novas creacións. Visibilidade? Por Helena Varela, actriz e empresaria. Colectivo Cinema Sticado.

Diagnose. Tratamentos. Por Antonio Durán "Morris", actor.

18:30h. a 19:15h.: Debate. **Moderadora:** Pepa Barreiro, actriz e empresaria.

19:15h. a 19:30h.: Conclusións e Clausura.

OBRADOIRO: O PALLASO MÉDICO - Laura Herts. (inscrición requerida)

Auditorio Municipal, 8 e 9 de Xullo de 11:00h. a 14:00h. e de 16:00h. a 19:00h.



Somos conscientes das nosas imperfeccións? Xogamos co absurdo? Onde se atopa o clown? O clow está sinxelamente dentro de nós mesmos. Descubrímolos a través do pracer de aceptarnos: xogando co que verdadeiramente somos e co que temos dentro. O pallaso está no noso interior e, sempre, ao servizo de calquera tipo de traballo: moitos profesionais poden utilizar a súa arte para divertirse traballando de pallaso nun hospital. ¡Ser e vivir o mundo do clown no hospital! ¡Ter confianza, atopar a complicidade, a liberdade e actuar de forma independente para traballar nel!

O desexo de facer rir e a necesidade de facerlle ben aos demais é toda unha satisfacción.

30 BUTACAS SOLIDARIAS · ADICAM - Mulleres en acción



Durante a XXXII MITCFC, co patrocinio de Frigoríficos del Morrazo, as socias de ADICAM disporán de 30 butacas gratuitas para cada un dos espectáculos do Programa do Auditorio Municipal (excepto o programado para o día 8) ademais da matrícula gratuita no obradoiro UN DÍA NO CIRCO.

Tamén gozarán dun evento en exclusiva para o 10 de Xullo ás 17:00h.: DALLE VOLTA Á TORTILLA, un obradoiro de recursos plásticos e metafóricos para traballar as competencias persoais que impartirá Mónica Couso Fuentes, psicóloga xeral sanitaria e Directora de Proxectos de Proceso Psicoloxía.

ENTREGA XXIX PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL Á ACTRIZ LUMA GÓMEZ

Auditorio Municipal, Sábado, 11 Xullo 22:30h.



A comisión organizadora da XXXII MITCF de Cangas decidiu conceder o Premio Xiria ao Labor Teatral á actriz Luma Gómez, pola súa traxectoria profesional e polo seu infatigable compromiso coa profesionalización e normalización do sector das artes escénicas en Galicia, sendo, ademais, unha das principais impulsoras da primeira asociación de actores e actrices de Galicia, a AAAG.

Luma Gómez é unha actriz cunha longa traxectoria profesional e que traballou como protagonista en diversas compañías teatrais e en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego.

Realizou, tamén, importantes traballos cinematográficos como a memorable interpretación do personaxe Urxa na película que leva o mesmo nome, ou a inesquecible Marica da Fame na longametraxe El Bosque Animado.

Como actriz de televisión traballou, entre outras, nas series Servizo de urxencias e Celia.

Participou en máis de corenta espectáculos teatrais, entre os que destacamos: O enfermo imaxinario, Medea, As alegres casadas, Os xustos, Un soño de verán, Ligazón, Las galas del difunto, Alta comedia, As damas de Ferrol, Ensaio, Imperial: Café cantante. Vigo 1936, Romeo e Xulieta, Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas), Glass City (Cidade de Cristal) ou Historias Peregrinas.

Como directora dirixiu: Flasback Compostela e Confesión de Teatro do Noroeste.



MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

www.mostrateatrocangas.org

Organiza



Patrocina



Colabora

